

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE N° 2 CINTA 10



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0010_002_en_0_09_16_id662_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0010_002_en_0_09_16_id662.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a décima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante comeza falando da formación das confrarías e a súa labor social cos socorros mutuos e as escolas do pósito. Tamén fala dos inicios do sindicalismo mariñeiro e as primeiras folgas e conflitos, en concreto o xurdido en torno á motorización dalgunhas embarcacións como as traíñeiras ou o das pólizas de seguros. Tamén menciona outras mobilizacións: as xurdidas polo prezo de venda da sardiña e a dos carboeiros de Vigo.

Esta entrevista continúa no rexistro: O MAR 11 (ID 663)

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 e 18 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, confraría de pescadores, persoeiro, José Costa Alonso, escola do pósito, armador, sociedade de mariñeiros, sindicato, sindicalismo, folga, protesta, dereitos sociais, Partido Socialista, Cangas, Moaña, canteiro, Alianza Marinera, Lorenzo Corbacho Rodal, mestre, conflito político, conflito laboral, Emiliano Iglesias, mítin, Partido Radical, embarcación a motor, pasteca, xareta, traíñeira, II República, carboeiro, Vigo, pesca, dereito ao voto, muller, franquismo, seguro de traballo, montemaior, Baiona, bomba, CNT, FAI, venda de peixe, sardiña, conserveira, alcalde, golpe de Estado de 1936, fusilamento, represalia.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 10

P: Vamos entrar a facer un pouco de historia das personas, os tipos dirixentes, das sociedades que decía. O outro día falara así das cofradías, da cofradía que estivera montando...

R: A labor das cofradías.

P: Si, este... José Costa

R: Na miña opinión, a labor de José Costas¹, non ten límite, eh. Non ten límites, porque foi sana e aproveitada.

P: Era boa idea as cofradías, ademáis el foi un dos máximos que impulsou as cofradías por toda Galicia.

R: Por toda Galicia, por todo Galicia. Era inspector de toda Galicia.

P: Si era inspector xeral.

R: De todas as Galicias. El o gusto del era que as cofradías, os pescadores se levantaran en cofradías, en vez de sociedades en cofradías, eliminar as sociedades, apoiadas polo estado, era o Marqués de Valterra era o único produtor das cofradías en toda España ¿non? As Cofradías foron montadas por o Marqués de Valterra, e el desde que se empezou, traballou aí como un descosido, traballou como un descosido, pero mesmo dentro das cofradías agora nas cofradías locais, pois non sei que lle pasaba a ese home, como o odiaban tanto, e todo era pola intervención das sociedades, porque con tanta huelga que facían as sociedades, pois non tiñan os mariñeiros se pertencían ás cofradías, estaban parados tamén, e ordenou ó marqués de Valterra que lle dera unha lancha para a cofradía de pescadores de Moaña, e conseguíuna².

P: Conseguiron unha.

R: Unha lancha e despois resulta que cando se terminou a huelga, ninguén querían ir ó mar na lancha da cofradía porque tiñan máis libertad, máis libertad no sentido que non a tiñan que cuidar, o que tiña que cuidar a lancha era o armador, esa da cofradía quen a tiña que cuidar eran eles.

P: E traballaban eles, claro.

R: E traballalos eles, e cada un que collera a súa libertad.

P: E a lancha esa da cofradía os sistemas do changüí era igual

R: Igual, non se modificou nada.

P: A cofradía coma se fora o barco do armador.

¹ Di Costas, cando é Costa (José Costa Alonso). O entrevistado traballou con el como directivo do Pósito de Moaña. Nótase no ton de voz que é favorable ás confrarías de pescadores.

² José Costa Alonso tamén coñecido por “Pepe de Ruperta” e “Pingandiño” comezou a organizar o Pósito de Moaña en maio de 1921, promovido por Gregorio Fernández Ballesta, enviado de Alfredo Saralegui (Oficial da Mariña). Nese ano obtén unha subvención para mercar a lancha “María”. En 1922 crea a sección de Socorros Mutuos. Foi criticado polo sindicato “Alianza Marinera” que os tachaba de sociedade amarelista. En Marzo de 1925 acórdase facer a escola en Tirán. En 1927 é nomeado presidente da Federación de Pósitos de Galicia. En 1929 comeza a construción do edificio do Pósito na Praia de Moaña (Inaugurouse en 1939) e nese mesmo ano trasládase a escola de Tirán para o barrio de O Casal. En novembro de 1933 Saralegui preséntase polo Partido Radical de Lerroux, nas eleccións que gañaron as dereitas da CEDA. A partir de entón cobra relevancia Pascual Díez de la Rivera, marqués de Valterra. Despois da Guerra Civil, o Marqués de Valterra forma parte do goberno franquista e en 1939 puxo en marcha o subsidio da vellez. En 1940, a Organización Sindical integra os pósitos e obrigan aos armadores de Moaña, entre eles a José Bernárdez, a tributar na delegación sindical e non no Pósito. En 1944 os pósitos se converten en confrarías de pescadores. A partir de aí Costa Alonso desempeña os cargos de Xefe da Sección Social do Sindicato de Pesca, Inspector do Pósito e Patrón Maior da Confraría de Moaña.



R: Unha lancha máis e un armador máis. E agora con respecto a esto, todas estas melloras que foron, pero é que decaíron todas cofradías, non melloraron as cofradías.

P: Si, coa idea que tiña el de lanzalas non foi arriba, non chegou a callar esa idea.

R: Viñeron os sindicatos, e despois os sindicatos de mariñeiros, os sindicatos de aquí. Porque o problema eran as huelgas.

P: Era o problema máis grande.

R: O problema eran os conflitos polas huelgas. E a cofradía era solamente dos asociados. Estaban alí, tiñan unha conta mensual, tiñan que pagar o que eran os socorros mutuos, que era como agora o seguro de enfermidade, pagabas un seguro e tiñas o medicamento, tiñas as dietas de enfermidade.

P: E que outros fondos sociais tiña a cofradía aparte, tiñan os socorros mutuos e montaran unha escola, ¿non? ¿a escola do pósito non a montaba a cofradía?

R: Era a escola de enseñanza por medio da cofradía. Que era para os pescadores da cofradía e muitas veces metía algún dos que non eran, porque... non podía, chámolle obra de caridade, van pedir unha limosna e fas unha obra de caridade.

P: E tiña así máis fondos sociais a...

R: Non tiña fondos sociais, porque quen levaba a dirección da cofradía era a dirección, o Instituto Social da Marina, tamén cando había algo tiña que atender o Instituto Social da Marina, a min a gustoume a obra da cofradía, gustoume moito. A composición dela. Eh, pero non despois o mandato. Porque despois de que desapareceu Pepe...

P: Na cofradía eran socios quen quixera, e entraban tanto mariñeiros como armadores, como...

R: No, no. Todo mundo

P: Todo o mundo.

R: Todo o que fora pescador entraba na compañía. Agora que fora socio... Que fora pescador ¿non? Agora un forasteiros, os forasteiros. Esas eran as normas que había. Tiñan que vir acompañado dun socio, sendo forasteiro, porque había muitas veces que viña así forasteiros que viñan de paseo por aí e querían entrar na confradía, porque polo visto leían a prensa a labor da cofradía, pois, e non os deixaban entrar. Tiña que estar acompañado por..

P: Tiña que estar representado por un socio.

R: Iso era a orden que lle daban ós conserxes, e despois tiñas o (?) o café.

P: O café, ¿e iso todo era o pósito xa?

R: Iso todo era o pósito.

P: Iso era o pósito. As cofradías as que pretendía Costa Alonso ¿non?

R: Iso eran melloras que tiña a cofradía.

P: E non foi arriba por iso, por culpa das sociedades, dos sindicatos e todo.

R: Despois do derrumbamento de Franco foi todo abaixo.

P: ¿Cantas sociedades había?

R: ¿Canto...?

P: ¿Cantas sociedades había? ¿Había sociedades de mariñeiros, había sociedade de canteiros tamén?

R: A de canteiros derrumbouse. Era unha sociedade potente. Os canteiros era unha sociedade que había antes, esa derrumbouse tamén, non se notou arriba. Eses despois incorporáronse na Hermandade de Labradores, porque tiñan algúns terrenos e tal e agora se incorporara. Eses desapareceron...(?) O Partido Socialista montou o Partido Socialista e despois os outros foron ás izquerdas e...

P: ¿Como viñeron os socialistas a Moaña? ¿antes non creo que houbera socialistas non?

R: Antes, aquí en Moaña eran os que máis había, porque eran os canteiros, os canteiros eran unha organización da cofradía³.

³ Ten confusión. Os canteiros promoveron un sindicato mariñeiro sobre os anos '20.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿E como se formaron as sociedades de mariñeiros?

R: O primeiro que veu foi un que lle chamaban Corbacho.

P: Corbacho, ¿ese que foi mestre?

R: Era maestro⁴, e empezouse a meter cos mariñeiros e empezaron a facer o partido socialista e foi cando fixeran.

P: E non viu un antes un de Cangas a formar a sociedade de canteiros, o Rodal non...

R: Hubo algúns que intentaron, case todos os maestros aquí eran socialistas, bueno cando mataron a esa muller...

P: Si a Cándida Lago. Isto xa é máis ou menos durante a República ¿non? ¿e antes non hubiera así conflitos?

R: Non, porque non había en que facer huelga.

P: ¿A José de Serafín non lle queimaran un barco, non lle plantaran un barco?

R: José de Serafín tiña dous barcos, e tiña dous aparellos e anduvo ó Leixós, e quixéronse meter con el, dúas veces.

P: ¿E xa había sociedade daquela?

R: Si había, e un dirigente das sociedades andaba a traballar nun barco del, e resulta que un barco indo de aquí para...

P: ¿De aquí para donde?

R: De aquí para Vigo, que iba para o taller, a reparar ó taller, pois empezou a arder aí no medio do mar, e cando era, cando era, quen era quen é, e quen é, pois o barco de Parada que vai para o taller e plantoulle fogo, e aí fronte a Guía, foi ó fondo aí, non se notou o barco para nada.

P: Pero ardeu así casualmente ou plantáronlle a propósito.

R: O que nunca se supo.

P: Nunca se supo. Sonárase moitas cousas, de que desconfiar de...

R: Botáranlle as culpas a... porque o que andaba de patrón de costa era este, Martínez que era de aí da Bouza, que era Antonio “Jopito”.

P: Non me dou conta quen é.

R: Dos “Jopitos”, Cándido, o difunto de Cándido “Jopito”, era sobriño del, Cándido “Jopito” era un tío del. Ese é un acérrimo da Sociedad. E como era el o patrón de costa e non había nadie máis que el e o maquinista, achacóuselle a el e non se supo máis nada.

P: Daquela Romero non andaba ¿non?

R: Romero andaba noutra época xa máis adiante⁵.

P: É máis reciente.

R: E organizaron. Romero desa, cando Romero se meteu na sociedade, facendo a política, pois ese Romero fíxose presidente da cofradía e andaba con “Táboas” [Francisco Villaverde] ó mar, o noso primo.

P: “Táboas” o que marchou para Baiona.

R: Si o noso primo “Fanchuco”⁶, cando foi que marchou para Baiona⁷, e daquela empezaron a machacalos ós armadores, de outra vez ó “Lestón” (Balbino Jalda Cancelas)

⁴ Aquí, na resposta prodúcese unha confusión debido á miña pregunta. En principio centraba ben o contexto histórico ó dicir que o primeiro que viñera a formar as sociedades era Corbacho e ó preguntarlle si era mestre, enlazou con outro Corbacho. Sobre o ano 1919 achegouse a Moaña o canteiro socialista Lorenzo Corbacho Rodal, canteiro de profesión para formar un sindicato de mariñeiros. En 1931 chega a Moaña, o mestre José Corbacho como líder da “Asociación de Maestros de Pontevedra”, que formou parte do Centro Republicano Radical de Moaña. Os Mestres tiveron moita incidencia na ideoloxía republicana.

⁵ Hai referencias verbais de que acusaran a José Romero do incendio do barco “Marzo” de José Parada “José de Serafín”.

⁶ Francisco Villaverde.



tamén tiveron que mandalo de aquí, marchou para Baiona tamén a traballar. Pero iso era objeto todo político.

P: Todo político ¿non?

R: Todo político, nada de melloras para nadie.

P: ¿E como veu Emiliano Iglesias a Moaña.

R: Pois veu nun mitin.

P: Apareceu nun mitin. Do Partido Radical era de aquela ¿non?

R: Do Partido Radical socialista.

P: E a partir de aí xa empezaron os conflitos que había entre os mariñeiros e...

R: Si e armadores.

P: O primeiro conflito cal foi, ¿o da maquinilla?

R: O da maquinilla, porque antes os barcos izábase a *jareta* a man, cando largabas o aparello, cercabas o aparello, largábase a man, ¿non? e despois montáronlle maquinillas as.. que eran lanchas de remos con motor a bordo. Eran lanchas de remos pero tiña motor, con motor. Eliminouse o remo, pero aumentouse máis o aparello, e aumentouse unha serie de gastos máis grande, e coa maquinilla pois, aforrabas o traballo da xente, levantar o aparello, pero traíache máis gastos, era máis rápido, cerrabas primeiro, todo ben ¿non? Pero pedían unha parte os armadores, unha parte máis, non pedían máis que unha parte, pero como andaba a política no medio pois...

P: Ese foi con “Táboas”, o da maquinilla, ¿o primeiro que puxo a maquinilla foi Táboas?

R: Non, o primeiro que puxo a maquinilla foi o “Lestón”⁸ e mais Táboas e algún máis por aí, e despois foi cando marcharon para Baiona.

P: O problema máis gordo entonces, foi con ese con... tiveron que marchar, a raíz dese conflito tiveron que marchar.

R: A (?) das huelgas ¿non? Pero agora que, o “Lestón” xa era con outro barco, xa non era co barco que tiña primeiro que había o lío, cando hubo o lío ese.

P: ¿E durou muito tempo?

R: Xa non volveron.

P: Non, digo se durou muito tempo esa huelga, ese problema.

R: Si non foi huelga, non hubo huelga.

P: ¡Ai! non chegaron a haber así...

R: Non foron ó mar os mariñeiros e listo, por orden dos sindicatos ¿non?

P: Si, e despois como chegaron, ¿chegaron a algún acordo por culpa de esa parte ou non?

R: Por esa parte non chegaron a acordo ningún.

P: Volveron ó mar.

R: Volveron ó mar con outros barcos máis grandes, viñeron outros barcos de fóra de aquí, e claro como os outros barcos de outros portos xa tiñan outras melloras, compensaron ós de Moaña coas melloras que tiñan, e habilitaron outra vez os barcos. De maneira que, aquí non arreglaron o conflito, pero en Cangas había outras melloras, pagaban polas maquinillas da parexa⁹ e por eso e cando terminouse o conflito non había barcos para ir á ardora, porque íbas ó caldeo, pero non íbas á ardora.

P: E a maquinilla probáronna ó caldeo aínda. Cando puxeron a maquinilla andaban ó caldeo aínda ¿non?

⁷ Durante a II República foron varios os armadores que marcharon coa familia e seus barco para outros portos como Baiona, Muros ou Portosín. Especialmente a partir da promulgación da Mutualidade de Accidentes Laborais, que provocou en Moaña un conflito que durou un ano, entre 1933 e 1934.

⁸ A maquinilla era o que os mariñeiros chamaban á pasteca para tirar mecanicamente polos aparellos. O conflito resultou cando lle puxeron unha á embarcación “Niño Jesús” do armador Lago (non de Balbino Jalda Cancelas “Lestón”) en marzo de 1931 e rematou coa chegada da II República en abril e tamén co avance tecnolóxico da importación de motores francés, italianos e norteamericanos.

⁹ Barcos que andaban á parella.



R: Era a mellora da ardora. Esa era mellora para a ardora, porque facían moitos lances sen mirar se topabas a (?) como lle chamabamos nós, e a xente cansábase, e despois quen levantaba o aparello era a maquinilla, pero había veces que... antes unha *jareta*, o cierre dunha *jareta* che duraba x ó mellor unha maquinilla non che duraba x.

P: Si, pero me decía que eran colocadas ó mellor en traineras, en traineras e ter un motor novo, ¿ou xa eran barcos grandes?

R: As maquinillas eran con barcos de traineras, e despois cando se foron montando xa fixeron barcos novos como o de “Táboas” e o Lestón e ese.

P: ¿O conflito que foi cos barcos novos xa ou con traineras adaptadas con maquinilla? O problema da maquinilla.

R: A primeira vez foi coas maquinillas de barcos de remos, que se modificou a motor, ¿non? Veu o conflito cando marchou o “Lestón”, pero despois cando modificaron que viñeron os barcos máis grandes coma...

[R: pero despois cando modificaron que viñeron os barcos máis grandes coma (?), “Fanchuco” e o “Lestón” xa fixeron barcos un pouco de... tipo (?) ¿non?, tipo de motor xa potente e tal, entón compensaron... iban pedir permiso, foron pedir permiso ó sindicato... a eses dous ou tres que tiñan (?) no sindicato, que querían marchar, porque o obxecto era de marchar xa, sin parar en Moaña. Facer os barcos, facer os aparellos e marcharse para Baiona. Pero ó saber que marchaban para Baiona e que non quedaban (?), entón chamaron ó “Lestón” e máis ó “Fanchuco” díxéronlle que (?) aquí, que os compensaban como estaban noutros puertos, coas mesmas condicións... e quedáronse.

P: E de aí quedouse o “Lestón”

R: Quedouse o “Lestón” e despois quedouse o “Fanchuco” (?)...Fanchuco veu máis tarde...

P: Pero o “Taboas” este o Villaverde marchara pa...

R: Baiona.

P: ¿E despois volveu?

R: Volveu e despois quedou alá

P: E que el viviu alá.

R: Vivía en Baiona, pero tamén vivía en Vigo.

P: Había así algún problema máis, ¿da raba non chegou a haber problemas por culpa dos precios?

R: Os conflitos tan pronto se acercaban as eleccións xa empezaban haber os conflitos.

R: Facían coincidir as eleccións cos conflitos.

R: Nada máis. Coa huelga eran os conflitos na mais. Buscar un conflito cando viñan as eleccións hai que organizar a...

P: ¿E había moitas eleccións daquela?

R: ¿Aquí? Todos os anos.

P: ¿E as mulleres tiñan voto?

R: Non, non

P: Non podían votar ¿E quenes votaban os maiores de 21 anos?

R: Si, maiores de 21 anos, pero máis tarde xa co Movemento de Franco, xa votaban todo o mundo¹⁰ traballadores, tanto labradores como... porque organizaron a Irmandade de Labradores e aí xa votaron homes e mulleres, porque moitos, moitos que estaban apuntados sociedade de labradores, na Irmandade, traballaban na pesca.

P: Si, que era un complemento da...

R: Era un complemento.

P: Da economía ¿Chegou a haber algún conflito tamén, así entre as sociedades polas leis sociais?

R: Non, aquí polas leis sociais non.

¹⁰ Lembremos que o voto feminino aprobouse na II República e a muller votou por vez primeira en novembro de 1933. O voto franquista de sufraxio universal só aconteceu nos referendos.

P: ¿E conflitos así de carboneiros tamén?

R: Os mesmos pescadores que estaban enrolados tanto na Hermandad de Labradores, coma na Cofradía de Pescadores, eran tamén asociados na de colla de carbóns, que chamábanlle os da colla, que levaban a carga do carbón, e moitas veces tiñan conflitos en por eles. Pero non podían nunca acudir ós conflitos mariñeiros. Esa parte como non era local, que era provincial era Vigo, que os do carbón eran de Vigo, aí tiñan unha pandilla deles que cando había lío alí (?), viñan a traballar á pesca. Cando non iban ó carbón non estaban parados, viñan a traballar aquí e deixaban aquilo... porque sabían que.. Para.. a atraer a xente eu non mirei nunca cousa máis sucia.

P: Non chegara a haber unha vez unha huelga grande que case durara un ano.

R: Un ano enteiro.

P: Un ano enteiro, ¿por que era? pola póliza de mutualidade ¿non?

R: É polos conflitos eses.

P: Non se acorda a que era debido, pola póliza que se sacaba unha parte do monte maior, ou se sacaba... a póliza da mutualidade de accidentes de traballo, non se sabía quen a tiña que pagar, se o armador ou se os mariñeiros.

R: Pero iso foi antes [ouquere dicir: “non foi avante...”(?)].

P: E ese conflito durou case un ano.

[Nota do APOI: Hai un corte e continúa]

P: ¿A flota foi para a Base Naval de Ríos. Non?

R: Á Base..(?) porque empezaron a botar bombas nos barcos... A facer estragos nas viñas... A botar bombas nas casas... e todo eso ¿non? Entón hubo que levar... Os armadores empezaron a facer gardía de noite, con escopetas...

P: Armados...

R: Con escopetas

P: Era terrible daquela ¿non?

R: Daquela ...(?). A nós botáronnos unha bomba no barco. Aínda facía compañía con miña nai e máis con meu tío (rectifica)... meu cuñado Vidal, aquí na... onde está agora a Praza.

P: ¿Pero o barco seguía sendo daqueles de remo ou xa era da...?

R: Era de motores. De motor, o motor de gasolina ¿non?

P: Era un barco novo xa.

R: Xa non era de remos. Era un motor... O (?) da póliza de seguros e veu ese conflito.

P: ¿E cal era o problema? . O problema que non se puñan de acordo.

R: É que os seguros que... non saían do monte maior, que os pagara a empresa ¿non?

P: Que os pagara o armador.

R: Querían facer un, un, un... dunha chalana dunha chalana...querían facer un correo (barco), querían facer unha gran empresa... había como este...con nada...(?) tampouco de poñer as bases a esta empresa...Todo mundo estaba empeñado cos e... cos almacéns e con todos de raios deses de gastos de que tiñan... e claro, porque había que ir mellorando... mellorando. E despois nós metémonos na mutua patronal¹¹. Ó meternos na mutua patronal, cando fixeron a mutua patronal, coas parejas¹². Eh! Que todo iso fixeron un (?)... xa non dependía de nós, xa dependía da mutualidade. E que levaba con todo os socorros mutuos era a mutualidade, e había que lle pagar un tanto da pesca capturada, un tanto por

¹¹ A “Unión de Armadores. Comerciantes y Patronos de Moaña” quedou constituída en maio de1930. En xaneiro de 1931, nunha xuntanza celebrada no Liceo-Casino de Moaña acordouse formar a “Confederación Patronal de Armadores de Pesca” da ría de Viñan, que serviu de plataforma á patronal moañesa, sendo Bernárdez Villaverde un dos representantes. O Longo conflito dos socorros mutuos (1933-1934) vai producir a ruptura da relación coa Federación de Vigo.

¹² Refírese ós barcos que traballan “á parella”.

cen á mutua, para cando veñan os enfermos, ou cando veñan unha... Porque nós tiñamos unha mutua que pagábamos por accidentes unhas dietas. E ó meter esas dieta (?) eles querían que saliran da... do capitán, que non saliran do monte maior.

P: ¿A mutua que tiñan ustedes xa cubrían os...os riesgos dos accidentes dos mariñeiros?

R: Si, si. A mutua patronal...que se pagaba un tanto por cen da pesca ¿non? Páreceme que era un 10 ou 12 por cen, pero cubría todos riesgos, accidentes de traballo, seguro de enfermidade, todo o ...(?) hasta viñas da casa po barco, viñeche apurado e tal, e caíche. Hasta che cubría ...(?) Mentras non chegabas á casa...Salías do barco. Ó salir da casa po mar, hasta que llegabas á casa outra vez, estaba o riesgo...

P: Corría todos os gastos da enfermidade....Pero o que non pagaba era si perdías de pescar. O seguro ese non o cubría... O que ganaban os mariñeiros eso non o cubría. Solamente cubría os gastos de enfermidade.

R: Cubría todos gastos de enfermidade ...(?). Pa iso era do monte maior. Era cando se capturaba. Un tanto por cen do que se capturaba. Non de un tanto por cen en firme (fixo). (?) seguro. Vouche dicir, “douche un tanto por cen, un dous por cen de tantas miles de pesetas”. Non, non. “¿Canto fixo o barco?. Tanto. Todos eses gastos...tal, tal van ó monte maior”. Si o barco non capturaba, había gastos, pero o barco non pescou, non ...(?) Non había ingresos, e quen encargaba con (?) era a mutua. O armador non se mollaba nunca. Tiña que pagar cando pescaba. Cando pescaba en vez de pagar cinco, pagaba dez. Compensáballe...

R: O dez por cento, si. Entón compensáballe polos días que non pescaba.

R: Porque eles botábanlle a conta. A mutua botáballe a conta. É dicir, os barcos ou os meses que non se traballan non hai accidentes, porque están os barcos amarrados en terra xa. Trabállase eses tres meses. Hai que traballaba eses tres meses máis...(?) e non estaba parado, non había accidentes e non lle compensaba ir. E por iso viñeron os accidentes. E aquel ano que se botou pois... marchou pa Baiona “O Lestón”. “Fanchuco” non estaba e levamos todos barcos pa...pa aí, pa Base, todos cantos había. Os do Con, Os do Con...

P: ¿Para Base ou fóronse outros, ó millor pa Cangas ou pa Bouzas. Foron todos pa Base?.

R: Entregámollos alí á Base. Nós entregámollos alí á Base... Antes de que os destruíran...

[Nota do APOI: Hai un corte e continúa]

P: Si. Me estaba contando de que lle botaron unha bomba ó barco seu.

R: Nosoutros tiñamos o barco varado aí, que había títeres, aí onde está a plaza, había facendo uns títeres.

P: Títeres destes ambulantes.

R: Títeres deses ambulantes. Eu non estaba na casa, eu estaba..., eu e Pepe e Claudio e Antonio, os tres, os catro. Tiñamos un bou e andabamos ó bou, para ter para comer, e sentimos a explosión ó escurecer, estabamos en Tirán e nós viñemos. Dixen eu “aí algo pasa” porque estaban botando bombas nas casas, “algo pasa aí, vámonos!” e viñemos e cando miramos que era o noso barco, o barco estaba varado na area, coa proa hacia a terra, non tiña o aparello a bordo, tiña motor e tiña os (?)e no lado que estaba tumbado o barco, metéronlle por debaixo. Non lla botaron a bordo, botáronlla por debaixo da... polo lado que estaba descuberto o motor facía agua, entón non serviu.

P: ¿Fixéronlle muito daño?

R: O motor non serviu.

P: Non serviu, ¿e que lle fixo un buraco grande no barco?

R: E xa non serviu, porque se o ibas a arreglar xa non tiña arreglادouro.

¿P: E despois ese barco xa non sirviu para nada?.

R: Ese barco arreglouse no carpinteiro e hubo que montar outro motor.



P: E non tiña seguro por iso daquela, ou pagáronlle o seguro tamén ¿Non o tiña asegurado contra iso? O barco.

R: A propiedade non estaba asegurada.

P: Tamén me decía que botaban viñas, que picaban as viñas todas.

R: Houbo a quen lle picaran 80 cepas.

P: Ochenta cepas, e iso normalmente que eran de armadores ou de familiares de armadores.

R: Algúns eran de armadores, porque os armadores tiñan algún viño, como tiña o abuelo, o como tiña o meu tío Manuel e algúns viñedos que tiñan, como tal o difunto de “Tanoura”¹³ e algúns armadores que tiñan algo de terreno, cortáronlles as cepas, aquilo era unha cousa... era unha descomposición.

P: ¿E quen lle daban as bombas, donde as conseguían?

R: ¿Ós socialistas lles daban as bombas?

P: ¿Donde as conseguían entón?

R: O que lles sobra a eles eran bombas. Para lle botar a José de “Rodas” ou a Evaristo cando botaron a Fanchu.. botaron ó noso tío Enrique, cando lle botaron a “Tanoura” cando botaron a... polo menos 10 ou 12.

P: Botaron moitas.

R: Botaron moitas.

P: Normalmente eran os da sociedade.

R: E despois terminaron por botarlle as bombas, despois a Romero¹⁴ que era o organizador da sociedade. Porque despois, a sociedade que fixo Romero, como non iba ben con (?)FAI, daquela era FAI.

P: Si a CNT.

R: A CNT a FAI e a FAI fixoa entre Eugenio de (?) que vivía aí, entre Manuel, “Manolo o de Camila” ¿non sabes? Ti non o coñeces, Manolo o irmán, Eugenio, era un puñado, pero eses xa foron a máis alá.

P: Máis radicais aínda.

R: Eses xa foron máis radicais, eses querían que o capital fora repartido, os socialistas querían parte...

P: Querían parte no capital tamén.

R: Eses querían parte no capital. O objeto, objeto, objeto máis grande, mirando bend de donde veu o orixen todo viña dos políticos. O orixen de todo isto que non era nada, o orixen viña baseado na política que viña de máis arrastrando...

P: E que ó mellor prometían...

R: ¿E despois que pasou, e despois que pasou? ¿Non sabes o que pasou despois?

P: Despois cando, no 36 cando veu a... si despois hubo unha venganza ¿non?

R: Despois veu todo.

P: No 36...

R: Non xa polo que se meteu aquí, porque cando aquí se meteron, metéronse para estar nas outras partes tamén, e eran os mesmos, era o comité, o comité deles que andaba facendo a revolución por todos os lados.

P: E como acabou o problema ese da póliza, ese foi sobre o ano 33 ¿non? ¿Como acabou o problema ese da póliza?

¹³ “Tanoura” alcume do apelido Tenorio

¹⁴ José Romero, político e sindicalista da man de Emiliano Iglesias (Partido Radical) foi alcalde de Moaña (1931-1936). En 1930 funda e preside o sindicato “Solaridad Marinera”, cargo que lle obrigaron a deixar ao ser elixido alcalde. A partir de 1931 o sindicato solicita a entrada na CNT, con moita base en Vigo. En Moaña só se coñecía a Jesús Veiga Fervenza como afiliado á FAI, aínda que poida que houbera máis.



R: Non. Deron a póliza. Seguiu o lema da póliza o mesmo, porque nós xa tiñamos a mutua, xa estabamos na mutua, os seguros mutuos, e os seguros mutuos pois como era (?) para eles, pois seguiron o mesmo, ó ir para o mar seguiron o mesmo.

P: Estuvo un ano montado practicamente e non solucionaron nada, ¿ despois foron, fóronse a traballar?.

R: Non se arreglou. Arreglaron eles, cando viñeron outros barcos un pouquiño maiores e viñeron outros barcos de fóra a traballar en Moaña.

P: Pero iso fora coa maquinilla. Cando viñeron os barcos de fóra era polo problema da maquinilla ou era pola póliza da mutualidade.

R: O conflito era o da maquinilla pero despois (?) botouse un ano de huelga, viñeron outros barcos de fóra a traballar a Moaña e tiñan que traballar coas condicións esas, porque así como traballaban con nós non querían traballar, entonces foi cando deron liberdade... (?)

P: Pero o conflito este outro da póliza, que tuveran os barcos en Ríos, ó final chegárase a algún acordo cos...

R: Cos armadores non.

P: Non se chegara. E ó cabo de un ano volveuse a ir ó mar.

R: Volveuse ó mar porque despois abandonaron eles. E viñeron vinte barcos para aquí, pero despois viñeron barcos de motores.

P: Máis grandes.

R: Máis grandes, e o conflito ese da maquinilla era para as lanchas de remos, pero como aquí non había barcos grandes ningún, namais que había barcos de remos que tiñan motores de gasolina, terminouse por el solo. Despois os armadores xa non querían¹⁵..

P: ¿Logo non chegou a haber un conflito por culpa do precio da sardiña?

R: Esa xa era cousa... esa xa non era cousa nosa, esa xa era cousa da mutualidade con eles. O asunto patronal era cousa do sindicato con eles e eles queríanse meterse cos conserveros, e ó meterse cos conserveros e compradores de pescado...

P: Non querían intermediarios, querían vender directamente ás fábricas.

R: Querían vender eles ó precio e levar o tanto por cen da pesca que se capturaba, levalo para o sindicato deles. Eso era o que pretendían. Alí chegabas á lonxa cunha muestra, e había un vendedor que era o que respondía ó armador do peixe que lle vendía, autorizaba o armador, porque a xente que autoriza na venta do peixe é o armador, e o armador buscou a ese individuo para autorizar as dúas partes, pero baixo un tanto por cen, que cobraba, un 3% e un 1% para outro lado, outro 1% para outro lado, e había hasta quen se aumentaba un 5%.

P: Nese problema... Entonces o problema foi cos conserveiros, que non se respectaron os precios, había muita sardiña e iba a sardiña barata ¿non? Na lonxa ó mellor...

P: Pero iso é reme... (?). Eso era o que pretendían eles, pero iso non se pode facer iso. Iso depende da abundancia. Iso quere unha organización moi grande con respecto a eso. Iso quen o facía, quen o podía facer era a Cofradía si estaba organizada. Entre as cofradías e os armadores dentro da Cofradía. Podían acordar cos fabricantes para que cando viñera unha avalancha mui grande de peixe, reducila para non destragar o peixe, poñer unha cota que despois por mediación da patronal, ¿comprendes?, que eles non quixeron intervir, entre os fabricantes e os armadores dos barcos, foi quen puxo unha cota e quen organizou todo iso,

¹⁵ O conflito da maquinilla rematou coas eleccións de 1931 e os da póliza de seguros foi entre 1933 e 1934. Nesta explicación mestura un pouco ambos conflitos. Houbo mariñeiros que pasaron fame, só deixaban pescar a embarcacións pequenas, tipo botes ou chalanas. Outros foron pedir traballo a portos como os de Cangas. A mediación de Emiliano Iglesias foi determinante para chegar a un acordo de descontar o seguro do montemaior e darlle aos mariñeiros outras compensacións como por exemplo a baixada da porcentaxe que pagaban pola comisión de vendas na lonxa. Das 50 embarcacións que había en Moaña, só faenaban catro, e a unha lle puxeron unha bomba. O resto estaba na Base Naval de Ríos e outras marcharon para Baiona, Portisín ou Muros.

e foi todo o mundo a traballar, e eles non, e que a patronal despois desistiu deles, non quixo saber nada dos sindicatos. Pero como era cousa...

P: Pero os barcos iban igual ó mar ¿non?

R: Iban. Porque tiñas hai quen che comprara.

P: Ese conflito chegaran incluso a atravesar os barcos na boca da Illa para que non entraran, ¿non? Os barcos, non solamente de Moaña senón da zona de Cangas.

R: Non. Porque quen fixo iso na entrada da ría, foi Moaña cando fixeron o paro os barcos de Moaña, foron a revelarse antes de entrar.

P: Claro, aos que viñan de Baiona, da Guardia.

R: Da Guardia, de Baiona. E non os deixaron entrar para que non venderan o peixe. Era motivado a... O conflito que había, que era a huelga, o caso é que eles mesmo colleron os barcos que estaban enrolados e e foron eles... non foron os armadores, foron os mesmos en ben do común, en ben da patronal e mais dos traballadores.

P: ¿E collían os barcos sen permiso?

R: Home! Sen permiso non, pero...

P: Non lle negaban o barco ¿non?

R: Claro, non lle negaban. Si non queres problemas, normal.

P: E chegou a haber algún conflito máis da pesca, o da maquinilla máis ben, logo outros de tipo político así

R: Si, de parar un día ou dous por política, actos políticos, conflitos por calquera cousa que tiñan os sindicatos e eso, víñache a comunicar o delegado de...eles nombrábanche á bordo, nombrábanche un delegado de traballo, era un delegado da sociedade e a ti non che comunicaba nada traballo. Pero a el déronlle un título que a xente tiña que obrigarse, obrigarse ás condicións do delegado de traballo, mentres estaba a bordo do barco...(?) tiña que...(?) á sociedade porque el era o delegado da sociedade e todo o que dixera el, non sendo non se meter co patrón, que non se meteran co patrón, ó chegar en terra marchaban para súas casas. Se querían aceptar a orden do patrón de dicirle “a tal hora, ou tal hora, ou hoxe non imos, ou mañán imos”. Por iso... (?) E un sitio como Baiona, que era outro tipo de barcos e iso, pois traballaban con outras condicións. E despois veu Redondela que, daquela non tiña barcos destes, non tiña base de artes, andaban coas artes, non tiñan barcos de caldeo, non tiñan barcos de nada, cando se meteron alí, romperon todo. Romperon todo non lle fixeron caso ás sociedades nen nada. Porque a sociedade xa foi en decadencia.

P: E aquí tamén...

R: Pero foi en decadencia, porque polo Movimiento, senón eses non iban en decadencia, eses non iban en decadencia, o Movimiento foi quen os fixo ir en decadencia.

P: Á sociedade. Prohibiron todo tipo de sociedade por iso. Cando empezaron a... Antes de vir a República, empezaron a elaborar as bases de traballo que chegaron a un acordo mínimo para traballar, entre os armadores e os mariñeiros, ¿non hubiera conflitos, non hubiera huelgas por culpa diso?

R: Non, desa non hubo huelga, porque a primeira vez que lle meteron os motores ás traineras, as traineras traballaban con unhas condicións e ó meterlle despois os motores...

P: Hubo que modificalas claro.

R: Hubo que modificalas. Entonces antes, do monte maior, do libre, ó ir a repartición, a xente... o armador (rectifica) levaba nove partes. Nove partes con 20 homes que había a bordo eran 29, facían 29 partes, o armador non, nove partes, e despois como salían, sacaban primeiramente...(?) a como salen, a cinco duros cada un, son 20 homes, vamos a supoñer a 1.000 pesetas (cada un) e 9.000 pesetas o armador, son 29.000 pesetas partían entre 29. Pero os motores, que cambiaron os motores...(?). Despois foi todo a monte maior, a 20 por 20... (?) 20 por 20. Modo de condicións, changüí pescando 11 cestas, dúas para a xente e unha para o amo, e unha cesta para comer. De maneira que viña de levar a xente tres cestas en común, porque son dúas de changüí e unha de peixe de comer, tres,



cando o armador non levaba máis que unha sola, pescaba de 11 para abaixo a xente levaba dúas e o armador sempre levaba unha cesta.

P: De 11 para abaixo levaban unha cada un, e 11 para arriba o armador sempre levaba unha e a xente dúas.

R: Por parte, o de comer. Porque a primeira cesta que caía a bordo de pescado, aquela cesta é da xente, é o pescado de comer, que é o pescado porque agora mesmo –anda a tronada aí–

P: Si, anda a tronada.

R: Porque agora mesmo non pescabas máis que unha cesta de peixe, pois muitas veces hai que levala para comer. Non é que non vamos a ir sin comer.

P: E cando todos estes conflitos despois acabaron coa guerra, coa chegada do República, ¿que pasou cos líderes estes das sociedades?

R: ¿Como?

P: Os jefes das sociedades dos comités eses, foron os primeiros, foron perseguidos cando foi o Movimientos ¿non?

R: Xa mirache. Non foron perseguidos polo que fixeron aquí en Moaña, non foron perseguidos polo que fixeron aquí en Moaña.

P: ¿Non hubo unha especie de venganza, ó mellor, acumulada pola tensión anterior e polos conflitos de antes?

R: Aquí... (?) porque recabaron os conflitos, de aquí de Moaña, recabaron por eles mesmos en outros conflitos. Tiñan máis atenuantes ca este, que xa non... (?) este para non vir a este... (?) tan grande, a botarlle man, vamos a Moaña a buscarlle condicións, para os arrestos destes individuos non lle facía falta, porque sobrábanlle delitos, delitos, delitos que tiña acumulados doutras... fóronse a meter cos palometeros ... (?) fóronse meter cos mesmos de Moaña.

P: ¿Os palometeros cando?

R: Os palometeros cando da palometa, cando andaban á palometa con cordel.

P: ¿Sobre que ano, durante a República máis ou menos?

R: Antes da República. Foron a parar as bacas e máis ás parejas na Ribeira de Vigo, fixeron muitos líos na Ribeira de Vigo os mesmos individuos que o facían aquí.

P: Antes da República xa.

R: Na República, iso na República.

P: ¿Os palometeros foron antes, cando se meteron cos palometeros tamén ou durante a República?

R: Todo iso do conflito, dos ... (?) todo foi durante a República, durante a República. Toda esa puntuación tiñanna... (?) Foron a Bouzas e fixeron estragos en Bouzas... (?) Había unha liberdade de espi...espi... (?) (espionaje tremendo, e de aí ven a acumulación.

P: De aí vaise acumulando tensións, vanse acumulando odios e vanse acumulando todo. Despois chega o Movemento e todos estes que eran jefes ¿non?, a eses ¿que lle fixeron? ¿detuvéronnos? Algúns fusiláronnos, matáronnos a outros habilitáronse cárceles e todo.

R: A min o que máis me fastidiou cando foi.., porque non colleron os cabecillas, porque aquí tiñas un coma Romero, que nese tempo, que era un dos que fixo máis daño na República, non lle tocou nada!

P: Si ese salvou porqué.

R: Porque o Movemento...

P: Quen tiña detrás para...

R: Tiña a política.

P: Pero Romero cando foi o Movemento estabame decindo que foi un cabecilla e salvouse. Non lle fixeron nada.

R: Porque empezou coa República e despois a República desapareceu e os radicais¹⁶ non foron coa FAI, ¿comprendes? pois descompuseronse eles e acumuláron os males todos á

¹⁶ Partido Radical de Lerroux



FAI e ós comunistas, pois eles demostraron ¿comprendes? que os comunistas a FAI, a CNT era a que facía todos os feitos vandálicos, todos que se parecían, pois pagáronnas todas elas.

P: Porque a Romero chegaron a destituílo de alcalde e mais de presidente da sociedade ¿non? Chegaron a botalo fóra.

R: Os mesmos. Pois aí o tes. Si despois veu o Movimiento e colléronnos coas mans na masa.

P: E sin embargo tamén hubo xentes ó mellor...

P: Tes a este rapáz, tes a este home, como bella persona, que non era capaz de facer dano nin a un animal que acababa de nacer.

R: ¿O Fandiño?

R: O Fandiño era un home. Aquel home...(?) Xúroche que o conecía ben, e non era capaz de matar nin a un gato.

P: ¿E porque o mataron?

R: Por ser cabecilla, porque estaba como cabecilla era alcalde de Moaña.

P: Fora alcalde, pero fora alcalde forzado, que el non quería ser alcalde.

R: Pero a el nombráronno alcalde, a sociedade, e el aceptou, e foron á recollida de basuras¹⁷ e o nome de Fandiño todo que o autorizara o alcalde de Moaña, a Fandiño matáronno solamente pola recollida de armas, cando foi do Movimiento.

P: A requisar armas.

R: Estes foron á sociedade, na sociedade organizáronse todos eses e pedíronlle á sociedade, porque Fandiño fora metido de alcalde por eses mesmos, senón non era alcalde.

P: Claro puxeron a ese para quitar a Romero.

R: Claro, para quitar a Romero, eses organizaron todo alí e total hasta fora mentira, súpase máis tarde que fora mentira, que el non autorizou a esa xente para a recollida de basuras.

P: De armas.

R: De armas. Pero xa estaba fusilado, cando se supo a verdade xa estaba fusilado.

P: E outros jefes así todos eses á maioría detivéronnos, tuvéronnos presos e á moitos matáronnos.

R: Moitos matáronnos. Foron facendo declaracións, foron facendo declaracións...(?) uns tiñan mesmos complexos e iban dereitos hacia eles.

P: E quen eran os que organizaban por parte do Movimiento todo, o que eran as cuadrillas...

¹⁷ Quere dicir recollida de armas, rectificase máis abaixo.